
CONTIDOS

Actualidade	1
Oportunidades	6
<i>Prácticas remuneradas</i>	6
<i>Emprego</i>	7
<i>Financiamento</i>	8
Participación dos cidadáns	10
<i>Iniciativas lexislativas</i>	10
<i>Consultas públicas aos cidadáns</i>	10
Actos xurídicos	11
<i>Actos lexislativos</i>	11
<i>Outros actos</i>	12
Sentenzas do Tribunal de Xustiza da UE	13
Procesos por infracción contra España	14
Estatísticas do Eurostat	15
<i>Indicadores económicos</i>	15
<i>Outros datos</i>	15
Publicacións do Tribunal de Contas da UE	17
Sondaxes do Eurobarómetro	18
Suxestións bibliográficas	19
<i>Obras dispoñibles na biblioteca da USC</i>	19
<i>Outras obras</i>	20
Actividades do CEDE	21

Para recibir un correo electrónico co anuncio de cada novo Boletín do CEDE, subscríbese á [lista de distribución](#).

Para máis información sobre este boletín e sobre o CEDE da USC, visite a nosa [páxina web](#).

Edición: Jesús M. Saavedra Carballido.

Elaboración dos contidos propios: Jesús M. Saavedra Carballido e Adrián Dolan García.

ACTUALIDADE

Eleccións ao Parlamento da UE

Walter Baier (Austria, Esquerda Europea), Sandro Gozi (Italia, Renew Europe Now), Ursula von der Leyen (Alemaña, Partido Popular Europeo), Terry Reintke (Alemaña, Verdes Europeos) e Nicolas Schmit (Luxemburgo, Partido dos Socialistas Europeos) participaron nun debate de candidatos á presidencia da Comisión Europea. A nova Comisión para o período 2024-2029 sairá das eleccións ao Parlamento Europeo, que en España terán lugar no 9 de xuño. O debate entre candidatos, organizado na sede do Parlamento Europeo pola Unión Europea de Radiodifusión en colaboración cos partidos políticos da UE e o propio Parlamento Europeo, centrouse na economía e o emprego, a defensa e a seguranza, o clima e o ambiente, a democracia e o liderado, a migración e as fronteiras, e a innovación e a tecnoloxía. Houbo preguntas da audiencia presente no hemiciclo e de participantes en actos organizados polas oficinas do Parlamento Europeo nos estados membros, así como procedentes das redes sociais e formuladas polos moderadores. Os candidatos responderon tamén a preguntas individuais en formato de entrevista por parte dos moderadores. Anteriormente tivera lugar outro debate en que participaron Von der Leyen e representantes dos principais partidos políticos na Eurocámara.

Comunicado de prensa sobre o debate entre candidatos [no sitio do Parlamento Europeo](#).

Máis información sobre o debate entre candidatos [no EuroEFE-Euractiv](#) e [no Le Monde](#).

Máis información sobre o debate entre representantes dos partidos [no The Guardian](#).

Máis información sobre as eleccións ao Parlamento Europeo [na BBC](#) e [no The Guardian](#).

Reforma da zona Schengen

O Consello aprobou un novo Código de Fronteiras Schengen, o conxunto de normas da UE sobre a xestión das fronteiras internas e externas que rexe o control fronteirizo das persoas que atravesan as fronteiras externas da UE. O regulamento introduce a posibilidade de adoptar medidas no ámbito da UE que restrinxan o acceso de nacionais de terceiros estados á UE en caso de emerxencia de saúde pública a grande escala. Tamén establece un procedemento de traslado que axudará a encarar os desprazamentos secundarios de migrantes (dun estado membro a outro) e ofrece solucións a situacións de instrumentalización da migración. Clarificáronse as normas sobre o restablecemento dos controis fronteirizos, de modo que se garanta que continúen a ser unha medida de último recurso.

Comunicado de prensa [no sitio do Consello](#).

Máis información [no EuroEFE-Euractiv](#) e [no Le Monde](#).

Reforma das regras orzamentais

O Consello adoptou tres actos legislativos por que se reformará o marco de gobernación económica e fiscal da UE. O principal albo é garantir unhas finanzas públicas equilibradas e sustentables, promovendo ao mesmo tempo un crecemento integrador en todos os estados membros a través de reformas e investimentos. O obxectivo xeral da reforma é reducir os cocientes de débeda pública e os déficits dunha maneira gradual, realista, sostida e favorable ao crecemento, protexendo ao mesmo tempo as reformas e os investimentos en ámbitos estratéxicos como o dixital, o ecolóxico

e o de defensa. O novo marco aspira a ofrecer unha marxe adecuada para as políticas anticíclicas e contribuirá a abordar os desequilibrios macroeconómicos existentes.

Comunicado de prensa [no sitio do Consello](#).

Máis información [no EuroEFE-Euractiv](#).

Reformas dos mercados enerxéticos

O Consello da UE aprobou formalmente a reforma do mercado da electricidade, concibida durante a crise de prezos da enerxía causada pola invasión rusa da Ucraína. A reforma procura obter prezos accesibles e estables, protexer os consumidores e impulsar o despregamento das renovables. • O Consello tamén adoptou unha norma que senta as bases legais para desenvolver e incorporar no sistema enerxético comunitario gases renovables como o biometano e baixos en carbono como o hidróxeno verde.

Comunicado de prensa sobre o mercado eléctrico [no sitio do Consello](#).

Máis información [no EuroEFE-Euractiv](#).

Comunicado de prensa sobre os gases renovables [no sitio do Consello](#).

Máis información [no EuroEFE-Euractiv](#).

Regulamento para unha industria de cero emisións

O Consello adoptou un regulamento que establece un marco de medidas para reforzar o ecosistema europeo de fabricación de tecnoloxías de cero emisións netas, máis coñecido como Regulamento sobre a Industria de Cero Emisións Netas. O regulamento pretende impulsar o despregamento industrial das tecnoloxías de cero emisións netas necesarias para atinxir os obxectivos climáticos da UE, aproveitando a fortaleza do mercado único para reforzar a posición da UE como líder no que di respecto das tecnoloxías ambientais industriais.

Comunicado de prensa [no sitio do Consello](#).

Máis información [no EuroEFE-Euractiv](#).

Tráfico de persoas e xestación por substitución

O Consello adoptou unha directiva que incorpora a consideración da xestación por substitución (as coñecidas como «barrigas de aluguer»), o matrimonio forzado e a adopción ilegal como outros tantos tipos de explotación cubertos pola lexislación da UE contra o tráfico de seres humanos. A utilización consciente dun servizo ofrecido por unha vítima de tráfico pasa a ser considerada como delito punible con penas efectivas, proporcionadas e disuasorias. A nova directiva tamén reforza as medidas de prevención, alén do apoio e a asistencia ás vítimas.

Comunicado de prensa [no sitio do Consello](#).

Máis información [no EuroEFE-Euractiv](#).

Lei da Intelixencia Artificial

O Consello aprobou unha lei destinada a harmonizar as normas sobre intelixencia artificial (IA), a denominada Lei da Intelixencia Artificial. A lexislación adopta unha abordaxe «baseada no risco», o que significa que canto maior é o risco de causar dano á sociedade, máis estritas son as normas. É a primeira lei do seu tipo no mundo e pode establecer un estándar global para a regulación da IA. Aen última instancia, o albo é fomentar o desenvolvemento e a adopción de sistemas de IA seguros e fiables en todo o mercado único da UE por parte dos axentes públicos e privados. Ao

mesmo tempo, pretende garantir o respecto dos dereitos fundamentais dos cidadáns da UE e estimular o investimento e a innovación en IA na UE.

Comunicado de prensa [no sitio do Consello](#).

Máis información [no EuroEFE-Euractiv](#).

Refuxio, asilo e inmigración

O Consello adoptou unha reforma do sistema comunitario de migración e asilo. O novo Pacto sobre Migración e Asilo establece un conxunto de normas que pretenden axudar a xestionar de maneira ordenada as chegadas de persoas sen documentos, a crear procedementos eficientes e uniformes de xestionalas, e a garantir unha repartición equitativa desas persoas entre os estados membros. • A presidenta da Comisión Europea, a alemá Ursula von der Leyen, anunciou durante un visita oficial a Beirut un paquete de axuda comunitaria ao Líbano por valor de 1.000 millóns de euros para apoiar, entre outras cousas, a xestión da chegada de refuxiados sirios ao territorio dese estado e controlar así as chegadas á UE.

Comunicado de prensa sobre o novo pacto [no sitio do Consello](#).

Máis información sobre o novo pacto [no EuroEFE-Euractiv](#).

Máis información sobre a axuda ao Líbano [no EuroEFE-Euractiv](#) e [no Politico](#).

Regulamento sobre as emisións de vehículos pesados

O Consello adoptou un regulamento relativo ás normas de emisión de CO₂ para os vehículos pesados, polo cal se modifican e reforzan as normas vixentes da UE. As normas actualizadas aspiran a reducir en maior medida as emisións de CO₂ do transporte por estrada e introducen novos obxectivos para 2030, 2035 e 2040. Espérase que unhas normas máis estritas sobre as emisións de CO₂ contribúan a aumentar a proporción de vehículos de emisión cero no parque de vehículos pesados en toda a UE, garantindo ao mesmo tempo que se preserven e melloren a innovación e a competitividade do sector.

Comunicado de prensa [no sitio do Consello](#).

Economía da eurozona

O produto interno bruto (PIB) na eurozona aumentou 0,3 % entre xaneiro e marzo, co que a economía na zona saíu da recesión técnica en que comezara o ano ao encadear dúas caídas consecutivas do 0,1 % no terceiro e cuarto trimestres de 2023. Por outro lado, a inflación da eurozona mantívose en abril cunha taxa interanual de 2,4 %, rompendo así unha serie de tres meses consecutivos de caídas. A inflación subxacente, que exclúe a enerxía, os alimentos e o tabaco por seren máis volátiles, e que serve de referencia para o Banco Central Europeo (BCE) nas súas decisións de política monetaria, continuou a súa senda á baixa ao descender dúas décimas, até 2,7 %.

Máis información sobre o PIB e a inflación [no EuroEFE-Euractiv](#).

Guerra na Ucraína

Tendo en conta a prolongada guerra de agresión de Rusia contra a Ucraína, o Consello adoptou un conxunto de actos xurídicos para que os beneficios netos derivados dos ingresos imprevistos e extraordinarios procedentes dos depositarios centrais de valores (DCV) na UE, como resultado da aplicación das medidas restritivas da UE, sexan utilizados para apoiar militarmente a Ucraína, as capacidades da súa industria de defensa e a reconstrución do país.

Comunicado de prensa [no sitio do Consello](#).

Máis información [no EuroEFE-Euractiv](#) e [no Politico](#).

Sancións contra Rusia

O Consello estableceu un novo marco para a adopción de medidas restritivas contra os responsables de violacións ou abusos graves dos dereitos humanos, de represión da sociedade civil e da oposición democrática, e de socavar a democracia e o estado de dereito en Rusia. Este novo réxime de sancións forma parte da resposta da UE á represión crecente e sistemática en Rusia. Foi proposto polo alto representante da UE para as Relacións Externas e a Política de Seguranza, Josep Borrell, após a morte do político opositor Alexei Navalni nunha prisión de Siberia en febreiro. • Alén diso, o Consello prohibiu as actividades de radiodifusión na UE doutros catro medios de comunicación ligados ao goberno ruso (a axencia RIA Novosti, Voice of Europe, Izvestia e Rossiyskaya Gazeta), por considerar que difunden e apoian a propaganda gobernamental rusa e a invasión da Ucraína.

Comunicado de prensa sobre o novo réxime de sancións [no sitio do Consello](#).

Máis información sobre a prohibición de medios [no EuroEFE-Euractiv](#).

Política de defensa

A Comisión anunciou os resultados das convocatorias de propostas de 2023 no marco do Fondo Europeo de Defensa (FED) por un montante de 1.031 millóns de euros. Este financiamento da UE servirá para apoiar 54 proxectos comunitarios conxuntos de investigación e desenvolvemento en materia de defensa pendentes. Espérase que os proxectos seleccionados contribúan á excelencia tecnolóxica nunha ampla gama de capacidades de defensa en ámbitos críticos, como a ciberdefensa, o combate terrestre, aéreo e naval, a protección de activos espaciais ou a defensa química, biolóxica, radiolóxica e nuclear (QBRN). Deberán, tamén, apoiar as prioridades da UE en materia de capacidades; entre outras, un mellor coñecemento da situación para garantir o acceso ao espazo e ás tecnoloxías para un futuro principal tanque de combate. Tamén deberán apoiar o transporte aéreo estratéxico de mercadorías de tamaño superior, que é unha capacidade básica de apoio rápido ás misións militares en todo o mundo. • O Banco Europeo de Investimentos (BEI) aprobou a actualización da definición dos bens e as infraestruturas de uso dual civil e militar que poden ser financiados polo banco. Tamén acordou conceder ás pequenas e medianas empresas na industria de seguranza e defensa a posibilidade de acceder a «financiamento intermediado específico». Os proxectos e as infraestruturas que utilizan o exército ou a policía e que atenden necesidades civís poderán agora recibir financiamento do Grupo BEI e xa non se aplicará un limiar mínimo de ingresos previstos en relación coas aplicacións civís ou coa proporción de usuarios civís.

Comunicado de prensa sobre o resultado das convocatorias [no sitio da Comisión](#).

Comunicado de prensa sobre as regras de investimento [no sitio do BEI](#).

Máis información sobre as regras de investimento [no EuroEFE-Euractiv](#).

Pacto de seguranza coa Moldavia

A UE asinou un pacto de seguranza e defensa coa Moldavia para axudar o país pro occidental a aumentar a súa capacidade para facer fronte ás ameazas de Rusia. Moldavia tornouse así no primeiro estado en asinar unha asociación deste tipo coa UE. O xefe da diplomacia da UE, alto representante da UE para as Relacións Externas e a Política de Seguranza Josep Borrell, declarou: «Outros seguirán para crear unha rede de amigos que constrúa unha seguranza e defensa sólidas, que incluírá unha cooperación máis estreita en dominios que van da ciberseguranza até a loita contra as ameazas híbridas».

Máis información [no Euractiv](#) e [no Le Monde](#).

Investigación á Meta

A Comisión Europea abriu un procedemento por infracción contra a empresa estadounidense Meta — propietaria do Facebook e do Instagram — porque considera que estas dúas plataformas fomentan a adicción entre os menores e que a empresa non tomou medidas eficaces para remedialo. Bruxelas acha que os algoritmos usados polo Facebook e o Instagram «explotan a debilidade e a inexperiencia dos menores», mostrándolles contido con base nos seus intereses, fomentando así a súa adicción ás redes sociais. A Comisión tamén considera que as ferramentas de verificación de idade do Facebook e do Instagram non son nin razoables nin proporcionadas nin eficaces para evitaren que os menores accedan a contidos inadecuados, e que as medidas de privacidade e seguranza predefinidas do Facebook e o Instagram non protexen suficientemente os menores.

Máis información [no EuroEFE-Euractiv](#) e [no The Guardian](#).

Multa á Mondelēz

A Comisión Europea impuxo unha multa de 337,5 millóns de euros ao conglomerado estadounidense de alimentación Mondelēz (propietario de marcas como Oreo, Toblerone e Milka) por obstaculizar o comercio transfronteirizo de chocolate, galletas e produtos de café entre estados membros da UE. As prácticas ilegais da compañía impedían aos retalistas poder adquirir libremente produtos nos estados membros con prezos máis baixos, e dividían de maneira artificial o mercado interno da UE.

Máis información [no EuroEFE-Euractiv](#) e [no Politico](#).

Loita contra os incendios

A UE adoptou medidas preventivas para aumentar os esforzos de extinción de incendios, co fin de protexer mellor as comunidades e o ambiente. Para 2024, a UE reuniu 556 bombeiros de 12 estados, que se posicionarán este verán en lugares chave da UE como España, Francia, Grecia e Portugal. Estarán preparados para apoiar os corpos de bombeiros locais cando a magnitude dun incendio forestal superar as capacidades de resposta dun estado. Alén diso, este verán haberá unha frota aérea de rescEU dedicada á extinción de incendios, composta por vinte e oito avións e catro helicópteros, estacionados en dez estados membros. Tamén se asignaron 600 millóns de euros de fondos comunitarios para adquirir aeronaves adicionais de extinción de incendios.

Comunicado de prensa [no sitio da Comisión](#).

OPORTUNIDADES

Selección das convocatorias recentes consideradas máis relevantes.

Prácticas remuneradas

- Para estudantes de ciencias, [a través de Euraxess](#) (buscando *traineeship* e *trainee*). Varios prazos.
- [Centro Común de Investigación](#) (Joint Research Centre, JRC). Varios prazos.
- [Parlamento Europeo \(PE\)](#) Varios prazos.
- [Banco Central Europeo \(BCE\)](#) Varios prazos.
- [Instituto da Propiedade Intelectual da UE \(EUIPO\)](#), antigo [Instituto de Harmonización do Mercado Interno \(OHIM\)](#) Varios prazos.
- [Axencia da UE para o Programa Espacial \(EUSPA\)](#). Prazo até 31 de maio.
- [Tribunal de Contas da UE \(TCE\)](#). Prazo até 31 de maio.
- [Axencia da UE para o Programa Espacial \(EUSPA\)](#). Prazo até 31 de maio.
- [Servizo Europeo para a Acción Externa \(EEAS\)](#). Prazo até 7 de xuño.
- [Axencia Europea das Substancias Químicas \(ECHA\)](#). Prazo até 7 de xuño.
- [Instituto Europeo para a Igualdade de Xénero \(EIGE\)](#). Prazo até 14 de xuño.
- [Axencia dos Dereitos Fundamentais da UE \(FRA\)](#). Prazo até 17 de xuño.
- [Comité das Rexións \(CdR, CoR\)](#). Prazo até 15 de xullo.
- [Comisión Europea \(CE\)](#). Prazo até 30 de agosto.
- [Autoridade Europea dos Valores Mobiliarios e dos Mercados \(ESMA\)](#). Prazo até 31 de decembro.
- [Axencia para a Cooperación entre os Organismos Regularadores da Enerxía estatais \(ACER\)](#). Sen prazo.
- [Autoridade Bancaria Europea \(EBA\)](#). Sen prazo.

Emprego

- Empregos para investigadores financiados polas accións Marie Skłodowska-Curie en diferentes campos científicos (sección *Job vacancies*). Varios prazos.
- Empregos para investigadores no Centro Común de Investigación da Comisión (*Joint Research Centre, JRC*). Varios prazos.
- Empregos para investigadores científicos ofrecidos por Euraxess. Varios prazos.
- Procesos de selección da EPSO para a Comisión e diferentes institucións, organismos e axencias da UE. Varios prazos.
- Axencia Executiva para as PeME (EISMEA). Varios prazos.
- Empresa común para o ITER e o desenvolvemento da enerxía de fusión (*Fusion for Energy, F4E*). Varios prazos.
- Instituto Europeo para a Igualdade de Xénero (EIGE). Varios prazos.
- Axencia Europea de Defensa (AED, EDA). Varios prazos.
- Axencia Europea da Seguranza Marítima (EMSA). Varios prazos.
- Instituto Universitario Europeo de Florencia. Varios prazos.
- Servizo Europeo para a Acción Externa (EEAS). Varios prazos.
- Observatorio Europeo das Drogas e a Toxicodependencia (EMCDDA). Prazo até 3 de xuño.
- Axencia Europea de Control da Pesca (EFCA). Prazo até 4 de xuño.
- Fundación Europea para a Formación (ETF). Prazo até 4 de xuño.
- Empresa común para a execución da iniciativa tecnolóxica conxunta no ámbito da aeronáutica (CLEAN SKY 2). Prazo até 4 de xuño.
- Axencia Executiva para a Saúde e o Dixital (HaDEA). Prazo até 4 de xuño.
- Autoridade Bancaria Europea (EBA). Prazo até 6 de xuño.
- Banco Europeo de Investimento (BEI) e Fondo Europeo de Investimento. Prazo até 8 de xuño.
- Centro de Satélites da UE (SatCen). Prazo até 11 de xuño.
- Axencia da UE para o Programa Espacial (EUSPA). Prazo até 11 de xuño.
- Axencia Europea para a Seguranza da Aviación (EASA). Prazo até 14 de xuño.
- Axencia Executiva para a Educación, o Audiovisual e a Cultura (EACEA). Prazo até 14 de xuño.
- Autoridade Europea dos Valores Mobiliarios e dos Mercados (ESMA). Prazo até 17 de xuño.
- Axencia Ambiental Europea (EEA). Prazo até 24 de xuño.
- Fiscalía da UE (EPPO). Prazo até 24 de xuño.

Financiamento

- Axudas para a preparación e xestión de proxectos europeos. Prazo até 5 de xuño.

Acción externa

- Economía Circular en El Salvador. Prazo até 11 de xuño.
- Organizacións da Sociedade Civil e Dereitos Humanos en El Salvador. Prazo até 1 de xullo.

Mobilidade e transportes

- Plano empresarial de mobilidade urbana do IET. Prazo até 19 de xuño.
- Convocatoria aberta de educación RIS. Prazo até 17 de xullo.
- Mobilidade intelixente para pasaxeiros e mercadorías. Prazo até 5 de setembro.

Cultura

- Axente de vendas de filmes europeos. Prazo até 20 de xuño.
- Axuda á cultura na Ucraína. Prazo até 22 de xuño.
- A música move Europa. Segunda convocatoria. Prazo até 25 de xuño.
- Residencias S+T+Arts. Prazo até 30 de xuño.

Saúde e alimentación

- Rexistro Alimentario Europeo. Prazo até 21 de xuño.
- Protección radiolóxica e detección de radiacións ionizantes. Prazo até 23 de xullo.
- Centro europeo para o desenvolvemento de vacinas. Prazo até 5 de setembro.
- Avaliación cuantitativa do risco para o benestar animal. Prazo até 14 de setembro.
- Sistemas alimentarios xustos. Prazo até 24 de setembro.
- Encarar as doenzas. Prazo até 26 de novembro.
- Garantir o acceso á asistencia sanitaria. Prazo até 26 de novembro.

Investigación e innovación

- Asociación Europea de Agricultura de Datos. Prazo até 25 de xuño.
- Avaliación da investigación. Prazo até 26 de xuño.
- GreenBoost4WISEs. Prazo até 30 de xuño.
- Instituto Europeo de Innovación e Tecnoloxía 2025. Prazo até 8 de xullo.
- FOODITY. Prazo até 10 de xullo.
- Mulleres Innovadoras na Industria Manufactureira. Prazo até 15 de xullo.

- [Accións Marie Skłodowska-Curie](#). Prazo até 3 de setembro.
- [Cooperación Internacional MSCA 2024](#). Prazo até 4 de setembro.
- [Empresa Común para unha Europa Circular de Base Biolóxica](#). Prazo até 18 de setembro.
- [Potenciación do sistema europeo de I+D+i](#). Prazo até 25 de setembro.
- [Acción local experimental para misións da UE](#). Prazo até 25 de setembro.

Enerxía, ambiente e clima

- [Mecanismo Conectar Europa 2 Enerxía](#). Prazo até 30 de xuño.
- [Financiamento social para a ecoloxización social](#). Prazo até 10 de xullo.
- [CircInWater](#). Prazo até 22 de xullo.
- [2ª convocatoria aberta greenSM](#). Prazo até 31 de xullo.
- [Observatorio dos Bosques Europeos](#). Prazo até 2 de setembro.
- [Para a neutralidade climática nas cidades](#). Prazo até 4 de setembro.
- [Terra, océano e auga para a acción polo clima](#). Prazo até 24 de setembro.
- [Un pacto polo solo para Europa](#). Prazo até 8 de outubro.

Dereitos humanos

- [Protección das vítimas do tráfico de seres humanos](#). Prazo até 21 de agosto.
- [Loita contra o tráfico ilícito de migrantes](#). Prazo até 4 de setembro.
- [Protección dos valores e dereitos da UE](#). Prazo até 18 de setembro.

Transición dixital

- [Fondo de Seguraza Interna. Investigacións dixitais](#). Prazo até 5 de setembro.
- [Identidade Dixital Europea](#). Prazo até 24 de setembro.

Urbanismo

- [Transformar os barrios](#). Prazo até 5 de setembro.

Pesca e asuntos marítimos

- [Planificación Espacial Marítima no Mar do Norte](#). Prazo até 11 de setembro.

Empresas

- [Rede Enterprise Europe](#). Prazo até 19 de setembro.
- [Aumentar o impacto das microempresas da economía social](#). Prazo até 30 de setembro.

PARTICIPACIÓN DOS CIDADÁNS

Iniciativas e consultas abertas recentemente.

[Máis información](#) sobre as posibilidades de participación cidadá na UE.

Iniciativas lexislativas

- [Prohibición das prácticas de conversión na UE](#). Prazo até 15 de maio de 2025.

Consultas públicas aos cidadáns

Fiscalidade

- [Cooperación en materia de fiscalidade directa: Avaliación](#). Prazo até 30 de xullo.

Mercado único

- [Normalización europea: Avaluación](#). Prazo até 25 de xullo.

Acción polo clima, enerxía

- [Requisitos de etiquetaxe enerxética aplicables aos computadores](#). Prazo até 18 de xullo.
- [Requisitos de deseño ecolóxico aplicables aos computadores: Reexame](#). Prazo até 18 de xullo.

Ambiente

- [Comercio de produtos derivados da foca: Control de adecuación das normas da UE](#). Prazo até 7 de agosto.

ACTOS XURÍDICOS

Selección dos actos considerados máis relevantes.

Actos lexislativos

- Regulamento (UE) 2024/1468 do Parlamento Europeo e do Consello, de 14 de maio de 2024, relativo ás normas en materia de boas condicións agrarias e ambientais, os réximes en favor do clima, o ambiente e o benestar animal, as modificacións dos planos estratéxicos da PAC, a revisión dos planos estratéxicos da PAC e as exencións de controis e sancións.
- Regulamento (UE) 2024/1309 do Parlamento Europeo e do Consello, de 29 de abril de 2024, por que se establecen medidas para reducir o custo do despregamento das redes de comunicacións electrónicas de xigabit. (Texto pertinente para efectos do EEE.)
- Regulamento (UE) 2024/1263 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2024, relativo á coordinación eficaz das políticas económicas e á supervisión orzamentaria multilateral.
- Regulamento (UE) 2024/1264 do Consello, de 29 de abril de 2024, relativo á aceleración e clarificación do procedemento de déficit excesivo.
- Regulamento (UE) 2024/1244 do Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de abril de 2024, sobre a notificación de datos ambientais procedentes de instalacións industriais, polo que se crea un Portal de Emisións Industriais. (Texto pertinente para efectos do EEE.)
- Regulamento (UE) 2024/1252 do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de abril de 2024, por que se establece un marco para garantir un abastecemento seguro e sustentable de materias primas fundamentais. (Texto pertinente para efectos do EEE.)
- Regulamento (UE) 2024/1183 do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de abril de 2024, relativo ao establecemento do marco europeo de identidade dixital.
- Directiva (UE) 2024/1265 do Consello, de 29 de abril de 2024, relativa aos requisitos aplicables aos marcos orzamentarios dos estados membros.
- Directiva (UE) 2024/1275 do Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de abril de 2024, relativa á eficiencia enerxética dos edificios (refundición). (Texto pertinente para efectos do EEE.)
- Directiva (UE) 2024/1260 do Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de abril de 2024, sobre recuperación e comiso de activos.
- Directiva (UE) 2024/1233 do Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de abril de 2024, por que se establece un procedemento único de petición dun permiso único que autoriza aos cidadáns de terceiros estados a residiren e traballaren no territorio dun estado membro e por que se establece un conxunto común de dereitos para os traballadores de terceiros estados que residen legalmente nun estado membro (refundición).

- Directiva (UE) 2024/1203 do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de abril de 2024, relativa á protección do ambiente mediante o dereito penal.
- Directiva (UE) 2024/1069 do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de abril de 2024, relativa á protección das persoas que se implican na participación pública contra pretensións manifestamente infundadas ou accións xudiciais abusivas («demandas estratéxicas contra a participación pública»).

Outros actos

- COMUNICACIÓN CONXUNTA AO PARLAMENTO EUROPEO, AO CONSELLO, AO COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL EUROPEO E AO COMITÉ DAS REXIÓNS Unha nova Estratexia Industrial de Defensa Europea: Consegur a preparación en materia de defensa da UE a través dunha industria de defensa europea resiliente e con capacidade de resposta.
- COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO, AO CONSELLO, AO COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL EUROPEO E AO COMITÉ DAS REXIÓNS A UE da Saúde: actuar xuntos pola saúde das persoas.
- COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO, AO CONSELLO, AO COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL EUROPEO E AO COMITÉ DAS REXIÓNS Un proxecto para un diploma europeo.
- COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO, AO CONSELLO EUROPEO, AO CONSELLO, AO COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL EUROPEO E AO COMITÉ DAS REXIÓNS Relatorio sobre o estado de Schengen 2024.
- RELATORIO DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO E AO CONSELLO sobre o funcionamento da Lexislación Europea sobre o Clima e do Regulamento de repartición do esforzo, e sobre a Directiva sobre o comercio de dereitos de emisión no contexto do balance mundial.

SENTENZAS DO TRIBUNAL DE XUSTIZA DA UE

Selección das sentenzas, autos e ditames considerados máis relevantes.

Aproximación das lexislacións

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-470/21](#), resolveu, sobre a loita contra as infraccións penais e inxerencia nos dereitos fundamentais, que unha autoridade pública estatal encargada de loitar contra as vulneracións de dereitos de propiedade intelectual cometidas en liña pode acceder a datos de identificación a partir dunha dirección IP. O tribunal especifica as exixencias relativas ás condicións de conservación e acceso a eses datos.

[Resumo da sentenza.](#)

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-178/22](#), resolveu, sobre a vida privada e a persecución de delitos graves, que o xuíz encargado de autorizar o acceso a extractos telefónicos para identificar os autores dun delito, para cuxa persecución a lei do estado prevé tal acceso, debe poder denegalo ou restrinxilo.

[Resumo da sentenza.](#)

Transportes

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-405/23](#), resolveu, sobre os dereitos dos pasaxeiros aéreos, que a falta de persoal aeroportuario para a carga de bagaxes que causou un grande atraso nun voo pode constituír unha «circunstancia extraordinaria».

[Resumo da sentenza.](#)

Espazo de liberdade, seguranza e xustiza

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-670/22](#), esclareceu a clara as condicións de transmisión e utilización de probas en causas penais con dimensión transfronteiriza.

[Resumo da sentenza.](#)

Principios de dereito comunitario

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-53/23](#), resolveu, sobre o estado de dereito, que o dereito da UE non exige que se confira ás asociacións profesionais de xuíces e fiscais o dereito para impugnar decisións relacionadas co nomeamento dos fiscais.

[Resumo da sentenza.](#)

Libre circulación de persoas

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-27/23](#), resolveu, sobre a igualdade de tratamento, que os traballadores transfronteirizos deben gozar das mesmas vantaxes sociais que os traballadores residentes.

[Resumo da sentenza.](#)

PROCESOS POR INFRACCIÓN CONTRA ESPAÑA

Fiscalidade e unión alfandegaria

A Comisión decidiu levar España [INFR(2018)4084] perante o TXUE por introducir no seu dereito condicións adicionais que restrinxen as normas harmonizadas da UE en materia de escisións de empresas ([Directiva 2009/133/CE do Consello](#), «Directiva sobre fusións»). Dado que as autoridades españolas non adoptaron ningunha medida adecuada para dar cumprimento ao anterior ditame motivado da Comisión, esta considera que os esforzos das autoridades foron insuficientes. Pode obterse máis información a este respecto no [comunicado de prensa](#) correspondente.

A Comisión Europea decidiu enviar un ditame motivado a España [INFR(2021)4035] por non adaptar as súas normas sobre a imposición das plusvalías obtidas en España por parte de contribuíntes non residentes á libre circulación de capitais ([artigo 63 do TFUE](#)). España dispón agora de dous meses para responder e adoptar as medidas necesarias. Caso contrario, a Comisión podería optar por remitir o asunto ao TXUE.

A Comisión Europea decidiu enviar un ditame motivado a España [INFR(2024)0049] por non notificar medidas de transposición ao dereito interno da [Directiva \(UE\) 2022/2523 do Consello](#), de 14 de decembro de 2022, relativa á garantía dun nivel mínimo global de imposición para os grupos de empresas multinacionais e os grupos nacionais de gran magnitude na UE (Directiva «Piar 2»). España dispón agora de dous meses para responder e adoptar as medidas necesarias. Caso contrario, a Comisión podería optar por remitir o asunto ao TXUE.

Mercado interno, industria, emprendemento e peme

A Comisión Europea decidiu enviar un ditame motivado a España [INFR(2023)4009] por non respectar as normas da UE sobre servizos [[Directiva 2006/123/CE](#) e [Directiva \(UE\) 2018/958](#)] e cualificacións profesionais ([Directiva 2005/36/CE](#)) no sector da construción. España dispón agora de dous meses para responder e adoptar as medidas necesarias. Caso contrario, a Comisión podería optar por remitir o asunto ao TXUE.

Transportes

A Comisión Europea decidiu enviar unha carta de emprazamento a España por non ter incorporado plenamente ás súas normas a directiva comunitaria que estipula o uso de peaxes nas estradas para financiar o mantemento e o desenvolvemento da rede viaria da UE. España dispón agora de dous meses para responder e adoptar as medidas necesarias. Caso contrario, a Comisión podería optar por enviar un ditame motivado.

Comunicado de prensa [no sitio da Comisión](#).

Máis información [no EuroEFE-Euractiv](#).

ESTADÍSTICAS DO EUROSTAT

Indicadores económicos

- Producción na construción.
- Superávit do comercio internacional de mercadorías na eurozona.
- Inflación anual na eurozona.
- Produto Interno Bruto e emprego na eurozona.
- Producción industrial.
- Producción no sector dos servizos.
- Volume de comercio retalista.
- Prezos da produción industrial.
- Desemprego na eurozona.
- Produto Interno Bruto.
- Consumo familiar real per cápita.

Outros datos

- Poboación con educación superior.
- Persoas empergadas nas TIC.
- Superávit do comercio de mercadorías.
- Gasto en cuidados preventivos.
- Abandono escolar precoz.
- Exportacións de materias primas reciclables.
- Peticións de asilo.
- Poboación pecuaria.
- Exportacións e importacións de mel extracomunitario.
- Mortes por doenzas circulatorias.
- Vendas de pesticidas.
- Estatísticas chave.
- Discriminación no emprego.
- Bancarrotas e rexistros de empresas.

- Uso de programas para facer negocios en liña polas empresas.
- Datos demográficos.
- Emisións de gases contaminantes nas actividades económicas.
- Déficit do comercio de materias primas.
- Uso enerxético final pola industria.
- Prezo do café.
- Persoas con protección temporal.
- Comercio de mercadorías agrícolas.
- Principais causas da morte.
- Aplicación das leis de inmigración.
- Automóbiles de pasaxeiros per cápita.
- Persoas empregadas como escritoras, xornalistas ou linguistas.
- Empregados con horarios longos de traballo.
- Grandes multinacionais controladas polos estados membros.
- Acuicultura.
- Empregos en multinacionais.
- Persoas que pediron asilo por primeira vez.
- Proporción de presidiarios.
- Filiais estranxeiras nos estados membros.
- Dixitalización.
- Produtos médicos e farmacéuticos.
- Concesións de asilo.
- Accidentes laborais.
- Prezos da enerxía.
- Taxa de emprego.
- Destrezas dixitais das raparigas.

PUBLICACIÓN DO TRIBUNAL DE CONTAS DA UE

- Relatorio Especial 07/2024: Sistemas da Comisión para recuperar os gastos irregulares da UE.
- Relatorio Especial 08/2024: Ambicións da UE para a intelixencia artificial.

SONDAXES DO EUROBARÓMETRO

Ciberdestrezas

Ben que exista un consenso xeral nesta sondaxe de que a ciberseguranza é unha alta prioridade entre as empresas (71 %), tomar medidas continúa a ser o principal desafío: 74 % das empresas non proporcionou ningunha formación nin sensibilizou os seus empregados. Alén diso, 68 % das empresas afirmou que non é necesaria ningunha formación ou sensibilización sobre ciberseguranza. 16 % descoñece as oportunidades de formación relevantes e 8 % menciona as limitacións orzamentarias como motivo.

[Páxina web da sondaxe.](#)

Eurobarómetro estándar 101 - Primavera de 2024

77 % das persoas consultadas son a favor dunha política común de defensa e seguranza entre os estados da UE, en canto 71 % concorda que a UE necesita reforzar a súa capacidade para producir equipo militar. Ao mesmo tempo, 69 % dos cidadáns da UE son a favor dunha política externa común dos estados membros. 67 % concorda que a UE é un lugar de estabilidade nun mundo convulso e 69 % que a UE ten suficiente poder e ferramentas para defender os seus intereses económicos na economía global.

[Páxina web da sondaxe.](#)

Os cidadáns da EU e as súas linguas

A sondaxe do Eurobarómetro sobre cidadáns da EU e as súas linguas proporciona información sobre as destrezas lingüísticas dos cidadáns, o uso das linguas e a actitude perante a aprendizaxe de idiomas dentro da UE. Tamén nos permite ver a evolución no tempo, xa que se comparan os resultados co anterior inquérito de idiomas realizado en 2012.

[Páxina web da sondaxe.](#)

SUXESTIÓNS BIBLIOGRÁFICAS

Obras dispoñibles na biblioteca da USC

Cruz Ángeles, Jonatán. 2024. *La Unión Europea y la regulación de los mundos virtuales*. Madrid: Dykinson.

A irrupción da realidade virtual nas nosas vidas cotiás expón unha infinidade de aplicacións que van alén do desenvolvemento de videoxogos inmersivos. Trátase de plataformas comerciais en tres dimensións: os mundos virtuais. Mais, que regulación se aplica nestes novos espazos? Co fin de abordar tal cuestión, esta obra parte do estudo do paquete de medidas da UE destinado a regular o Mercado Único Dixital, co obxecto de garantir un equilibrio entre a promoción da innovación e a protección dos usuarios europeos. A lexislación comunitaria adquire especial importancia nestes novos espazos, onde a recolla e xestión de datos persoais se masifica. Igualmente, a UE debe abordar a cuestión da propiedade intelectual dos activos dixitais, protexendo estes bens nun territorio aínda inexplorado. Este fenómeno inclúe definir como se protexen os dereitos de autor, mecanismos efectivos de resolución de conflitos ou a autoridade competente para dirimilos. E é que, alén das nosas fronteiras exteriores, requírese unha aliñación das políticas comunitarias ou a súa convivencia coa práctica de terceiros estados.

Lowe, Nigel, Costanza Honorati, e Michael Hellner. 2024. *Brussels II-Ter: Cross-Border Marriage Dissolution, Parental Responsibility Disputes and Child Abduction in the EU*. Cambridge: Intersentia.

Os Regulamentos «Bruxelas II» establecen as normas da UE sobre xurisdición, recoñecemento e execución de asuntos matrimoniais, cuestións de responsabilidade parental e subtracción internacional de menores. Bruxelas II-ter é o instrumento chave da UE para abordar cuestións transfronteirizas que implican o recoñecemento do divorcio, a custodia e os conflitos de acceso aos menores, a subtracción internacional e o movemento de menores dun estado membro para outro. Este libro proporciona unha análise en profundidade deste complexo Regulamento. En lugar dun análise artigo por artigo, o libro comprende capítulos separados sobre partes discretas cubertas polo regulamento, é dicir, sobre a historia e o alcance de Bruxelas II-ter; normas comúns sobre procedementos xudiciais; xurisdición en materia matrimonial; responsabilidade parental; coordinación de procedementos; subtracción internacional de menores; a audiencia do menor; recoñecemento, execución, documentos públicos e acordos; e cooperación en materia de responsabilidade parental. Unha exposición da relación entre a UE e o Reino Unido despois do *bretxit* conclúe este volume, que analiza, entre outras cuestións, a interrelación, a miúdo problemática, entre Bruxelas II-ter e a Convención da Haia de 1996 sobre Protección da Infancia.

Walsh, Karen. 2024. *Fragmentation and the European Patent System*. Oxford: Hart Publishing.

Este libro ofrece un estudo en profundidade sobre as percepcións actuais e as respostas á fragmentación do Sistema Europeo de Patentes (SPE). Durante décadas, tentouse abordar esta fragmentación mediante a introdución dun sistema de patentes unitarias. A tentativa máis recente, o sistema de patente unitaria da UE, será o primeiro do seu tipo. Espérase que mude significativamente o EPS. Con todo, en lugar de reducir a fragmentación existente, probablemente a aumentará. Baseado nunha análise do sistema actual e futuro, o libro argumenta que é necesario recoñecer a natureza inherente da fragmentación dentro das EPS e suxire unha abordaxe múltiple para responder a ela.

Outras obras

Morabito, Marcel, e Guillaume Tusseau. 2024. *Regional Accountability and Executive Power in Europe*. Londres e Nova York: Routledge.

Este libro analiza as principais cuestións que afectan actualmente á rendición de contas do poder executivo na EU. A obra divídese en tres partes. A primeira examina a dimensión territorial incluíndo a unitaria, rexional e federal. Analízase como os axentes territoriais participan no fortalecemento ou enfraquecemento da implementación da rendición de contas do poder executivo nos estados democráticos modernos. A segunda parte explora as ligazóns entre as tradicións estatais e a responsabilidade europea do poder executivo para establecer unha cultura europea común. A terceira e última parte céntrase en como construír unha abordaxe verdadeiramente multidisciplinar para a rendición de contas do poder executivo e baséase en abordaxes legais, históricas e políticas.

König, Thomas. 2024. *The Dynamics of European Integration: Causes and Consequences of Institutional Choices*. Ann Arbor: University of Michigan Press. <https://doi.org/10.3998/mpub.12828486>.

Na historia recente da UE houbo varios desafíos á súa fortaleza (o *brexit*, a COVID, crises financeiras e tensións globais), que aumentaron a necesidade de comprender as formas en que a UE podería manterse unida ou disgregarse. Ao examinar como mudou a UE desde 1993, xurdiron importantes enigmas, incluíndo como pode ser que se transfiran as funcións dos gobernos estatais á UE sen reformar a UE, como se anuncia unha maior transparencia en canto as decisións son aprobadas en reunións informais, e como se xestionan os efectos do aumento do euroescepticismo para continuar promovendo a solidariedade e a confianza entre os cidadáns da UE. Para comprender estes enigmas, König introduce unha nova teoría do partidismo (supra)estatal que axuda a explicar as causas e consecuencias para a UE das decisións tomadas polos líderes políticos. Utiliza a teoría de xogos para observar como mudan as condicións para os líderes a través da adhesión de novos membros, de choques e de crises, e separa as opcións institucionais en dous xogos diferentes xogados polos líderes políticos : o xogo do cume estatal e xogo estatal de competición de partidos. A dinámica da integración comunitaria revela como a reorganización dos sistemas electorais pode aproveitar a disensión e a polarización entre diversos electorados estatais para permitir a promoción da solidariedade e a confianza na UE.

Raimondo, Giulia. 2024. *The European Integrated Border Management: Frontex, Human Rights, and International Responsibility*. Londres: Hart Publishing. <https://doi.org/10.5040/9781509964574>.

Cales son as obrigacións da Frontex e os estados membros en materia de dereitos humanos nas fronteiras da UE? Quen é responsable cando se violan os dereitos das persoas que cruzan esas fronteiras? Esas son as principais cuestións que este libro aborda ao mesmo tempo que explora a evolución da xestión integrada de fronteiras comunitaria (EIBM polas siglas en inglés). Este libro aborda os desafíos relacionados coa implementación da EIBM e as responsabilidades en materia de dereitos humanos que pode xerar. Entrelaza dous discursos separados mais relacionados: o primeiro é unha reflexión sobre o concepto da EIBM e o seu impacto nos dereitos humanos; o segundo é a cuestión da atribución de responsabilidade internacional por violacións ocorridas na implementación da EIBM.

ACTIVIDADES DO CEDE

Conferencia «Está a UE en risco mortal?»

O Centro de Estudos e Documentación Europeos (CEDE) e a Oficina EUniWell da USC organizaron a conferencia «Está a UE en risco mortal? Desafíos actuais e futuros para a próxima lexislatura do Parlamento Europeo», a cargo de Mercedes Guinea, profesora de Relacións Internacionais da Universidad Complutense de Madrid. No título escollido para a súa conferencia, a profesora Guinea recolleu a pregunta que sobre o porvir da UE se fixo recentemente



o presidente francés Emmanuel Macron. O acto, organizado para conmemorar o Día de Europa (9 e maio), procuraba fomentar a reflexión sobre a integración da UE e os escenarios futuros perante as inminentes eleccións ao Parlamento da UE, que en España terán lugar no 9 de xuño. Mercedes Guinea, especialista académica no modelo político e na política externa da UE, puxo o foco nas mudanzas acontecidos na UE ao longo dos últimos anos, destacando como unha das principais preocupacións «a falta de debate público, a pesar das ensinanzas que debiamos tirar do *brexit*». Guinea salientou tamén o «ambiente difícil de crise» que atravesa a UE e a necesidade de fomentar a participación responsable dos cidadáns, nomeadamente co seu voto para a próxima lexislatura do Parlamento Europeo (2024-2029).